



RECALADAS

NO  
CAMIÑO



## XOÁN CARMONA BADÍA



### PERFIL PROFESIONAL:

**Catedrático de Historia e Institucións Económicas da Universidade de Santiago de Compostela.**



### CONTACTO:

**[xoan.carmona@usc.es](mailto:xoan.carmona@usc.es)**

Economista de formación e vigués de nacemento, orientou o seu traballo docente e investigador á historia económica e empresarial, especialmente dos sectores marítimo e industrial. Consciente da importancia que para a historia industrial ten o coñecemento das pegadas da industria sobre o territorio ampliou o seu campo de traballo cara ao patrimonio industrial. É catedrático de Historia e Institucións Económicas na Universidade de Santiago e membro do grupo de investigación GESPIC (<https://gespic.usc.es>).

Publicou algúns libros, entre os que se contan *El empeño industrial de Galicia, 1750-2000* (2005), partillando autoría con Jordi Nadal, ou *La Sociedad General Gallega de Electricidad y la formación del sistema eléctrico gallego, 1900-1950* (Sabadell, 2015) e coordinou dous libros de historia empresarial titulados *Empresarios de Galicia, 2 vols.* (2006 e 2009) e *Las familias de la conserva* (2011). Participou igualmente no comisariado dalgunhas exposicións documentais de temas relacionados coas súas liñas de investigación, tais como *Vivir no Atlántico Norte* (producida polo Museo do Pobo Galego en colaboración con varias institucións internacionais) ou *Galicia Industrial*, que inaugurou a sé da Fundación Barrié de la Maza en Vigo, esta última máis unha vez en colaboración con Jordi Nadal, o mestre da historia industrial en España.

Desde hai máis de trinta anos percorre, unhas veces cos seus alumnos da Facultade de Económicas de Santiago, outras con amigos e colaboradores, e outras con diversas organizacións e institucións os sendeiros do patrimonio industrial de Galicia, iso que agora se denomina rutas de turismo industrial.